

BASES DO CONCURSO

e ti, que ves lendo?

Comparte lecturas



Obxeto do concurso

- A Federación de Librarías de Galicia (en diante a Federación), organiza e encárgase do desenvolvemento do **sorteo de 5 vales de 20 €** cambiáveis por **libros** en librarías da Federación que participen neste.

Nome da promoción

- “E ti, que ves lendo?”

Fechas e ámbito do concurso

- A participación no sorteo iniciarase o **18 de agosto** e finalizará o día **30 de decembro de 2015**.
- O sorteo celebrarase mensualmente o día **2 do mes seguinte**.
- O sorteo realizarase asignando un número na base de datos a cada inscrición. Realizando o

día do sorteo un proceso automático que elixe aleatoriamente entre os números que conforman a base de datos os números dos gañadores.

Participantes

- A convocatoria está aberta a calquera persoa física, con exclusión das persoas xurídicas e calquera tipo de asociación.
- Considerarase participante a toda aquela persoa que seguindo as instrucións de participación do concurso, estea en posesión dun código alfanumérico enviado por correo electrónico dende a Federación.
- Para a obtención do devandito código previamente hase de suxerir a recomendación dun libro cubrindo o cadro de inscrición e recibido un correo electrónico co devandito código alfanumérico.
- Cada concursante poderá participar un número ilimitado de veces. O código alfanumérico, que recibe cada participante de forma automática, só será válido para o concurso activo nese mesmo mes.

Descripción e mecánica da promoción

- Os gañadores do concurso recibirán un correo electrónico notificándolles que obtiveron o vale mensual correspondente sorteado e dándolles instrucións para poder cambiar este.
- O procedemento de selección dos gañadores realizarase por medio da extracción dos seus códigos alfanumérico da base de datos onde se rexistran ao participar.
- O troco do vale realizarase logo da identificación do gañador, tendo que presentar o correo electrónico en que se indica que foi gañador e o código alfanumérico na librería na cal vai realizar o troco.

Premio e especificacións do seu uso

- O premio a entregar, consiste nun **vale de 20 € cambiabile por libros** na librería da Federación elixida polo gañador do sorteo.
- En ningún caso o premio ou parte deste poderá ser substituído polo equivalente en metálico.
- Os vales poderán ser cambiados ata o **30 de xaneiro de 2016** en caso de non ser cambiados antes da devandita data procederase á anulación do vale.

Protección de datos persoais

- De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais que vostede nos facilita serán incorporados a un ficheiro automatizado e rexistrado na Axencia de Protección de Datos denominado, CLIENTES cuxo responsable é a Federación de Librarías de Galicia. Os seus datos serán utilizados para a xestión deste concurso, así como para facer comunicacións comerciais de publicacións de interese.
- Ao participar neste concurso autoriza a utilización dos seus datos persoais para o fin indicado.
- Poderá exercer en calquera momento, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos pola Lei, dirixíndose á **Federación de Librarías de Galicia, domiciliada en República do Salvador, 28 Entresollado, 15701 de Santiago de Compostela.**
- Se vostede, non desexa que os seus datos sexan incorporados ao citado ficheiro para a recepción de información nos termos indicados envíe un correo electrónico á Federación, ao seguinte correo libreiros@librarias.org

Dereito de exclusión

- Quedan excluídos deste concurso todos os membros da Federación de Librarías de Galicia, os seus empregados, e todas as persoas que colaboren neste concurso.
- A Federación resérvase o dereito de rexeitar como gañadores do Concurso aos participantes:
 - Cando se identifiquen con datos falsos ou haxa indicios que razoablemente puideran levar a pensar que os datos son falsos. Para estes efectos, poderase esixir aos participantes a verificación dos seus datos se o considera oportuno.
 - Cando, de calquera forma fraudulenta ou artificial, manipulen a súa participación no Concurso.
 - Cando se incumpran as presentes bases en calquera forma.

Dereitos de imaxe

- A Federación resérvase o dereito de publicación e reprodución da imaxe e datos dos gañadores, en calquera medio ou soporte, coa finalidade de difusión do concurso e o seu resultado.

Modificaciónes do concurso

- Se causas de forza maior fixesen necesario aprazar, modificar, ou anular o concurso farase constar nas presentes Bases, polo que invitamos a consultalas con posterioridade á participación.
- A Entidade Organizadora resérvase o dereito de suspender, aprazar, cancelar ou modificar a duración do concurso en calquera momento, sempre que existan causas que así o xustifiquen.
- A Federación resérvase o dereito a evitar que, sobre este concurso, se establezan sistemas de especulación ou de negocios. A tal fin, poderán exercitar as accións legais que considere oportunas.

Exoneración de responsabilidade

- A Federación queda exonerada de calquera responsabilidade que puidese derivar do incumprimento ou cumprimento defectuoso polos participantes no Concurso das presentes bases.
- A Entidade Organizadora non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia a terceiros que poidan afectar ao desenvolvemento do presente concurso.

- Así mesmo, a Federación non asumirá a responsabilidade por eventuais danos e prexuízos (incluíndo o dano emerxente e o lucro cesante, pero sen limitarse a eles) sufridos polos premiados ou terceiros en relación co regalo ou a participación no concurso, a salvo das irrenunciáveis por lei.

Impostos

- O regalo entregado encóntrase suxeito ao disposto polo Real Decreto 439/2007 do Imposto sobre a Renda de Persoas e toda a súa normativa regulamentaria así como calquera outra lexislación que resulte de aplicación.

Aceptación e consulta das bases

- O mero feito de participar neste concurso implica a aceptación das presentes Bases sen reservas, así como o criterio da Entidade Organizadora en canto á resolución de calquera cuestión derivada desta.

Tes algunha dúbida?

Contacta connosco



981 599 958



libreiros@librarias.org



www.librarias.org



República do Salvador 28
Entrch. B. 15701
Santiago de Compostela

